



O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 3



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0003_001_en_0_00_00_id620_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0003_001_en_0_00_00_id620.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a terceira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala da pesca de polbo con dornas.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 22 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, partes da embarcación, remo, bote, dorna, artes de pesca, mariñeiro, polbo, Cangas, caranguexo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 3

P: Os botes. Os tipos de embarcación diferentes que hai, que había botes, chalanas, traíñas, ghamelas, balandros ¿non? as dornas.

R: Dornas non.

P: Dornas aquí non había.

R: Había na zona do norte.

P: ¿Usté acórdase do nome das partes que podía ter, ó mellor, un bote?, ¿que tiña? proa, popa, despois donde se vogaba, ¿os taletes encima de que estaban? tiñan unha defensa que eran as remaduras.

R: Esas dornas tiñan unhas gallas, tiñan gallas, tiñan os remos, non tiñan taletes, tiñan as gallas tipo dorna ¿eh? estaba montado... vamos a poñer, esta é a dorna, entón montaban un pau aquí e outro aquí e facían a modo de... un remo, metían un remo.

P: Tiñan o remo na galla si.

R: O remo de un lado a outro.

P: ¿E era o mesmo remo que botes de aquí ou era un remo un pouco máis arqueado?

R: O remos eran largos.

P: Eran largos.

R: Por cada lado vogaba un remo, non podían vogar dous a pares. Ou sea, un remo a par con outro non podían vogar porque ocupaba moito e casi, casi sempre vogaban en cruz¹. Era o estilo de vogar, porque ocupaban todo o barco, un remo de babor ocupaba toda a embarcación, pero eran as que se dedicaban ó pulpo.

P: Eran as polbeiras, lle chamaban.

R: As polbeiras, dedicábanse solamente ó pulpo, e non tiñan velamen ningún, despois viñeron a zona grande, xa viñeron dornas grandes tiñan esas velas de cuadro. Tamén, dedicábanse so pulpo tamén. Despois foron mellorando.

P: Pero por aquí en Moaña na ría apenas había. ¿E aquí, para pescar o pulpo, o polbo que se usaban botes?

R: ¿Aquí botes?, aquí usouse moi pouco para pescar o pulpo donde se usou foi en Cangas, en Cangas si.

P: Aquí os botes. ¿E o pulpo con que o collían?

R: Con...

P: Que tiñan piteras para...

R: O pulpo levaba unhas 50 brazas de cordel, levaba unha galla así, de pau, a gallas, na punta das gallas cada un co seu anzuelo.

P: Anzuelo grande como o do bonito.

R: Unha pouquiña de encarnada, pero aquí, atravesando aquí levaba un caranguexo.

P: Un caranguexo.

R: Un caranguexo, pero un caranguexo vivo e branco, canto máis branco fora de aquí da barriga, mellor porque o pulpo tirabase. Porque o caranguexo iba arrastrando polo fondo. O pescador levaba a liña na man, e iba tocando no fondo, porque...

P: Porque donde iba a galla tamén levaba unha pedra ¿non?

R: Si a pedra para ir ó fondo, pero o cangrexo iba vivo, amarrábano por aquí, dáballes coas patas, entón como iba o cangrexo vivo as patas do cangrexo estaban soltas iban movéndose e viña o pulpo e tirábase ó cangrexo,

P: Si que comen cangrexos si. Lonas desas e...

R: Si, si..

¹ Cruzaban os brazos para non tropezar un remo contra outro